

EsCULcA. Observatorio para a defensa dos dereitos e liberdades.

GUIA BÁSICA DE DEREITOS

FUNDAMENTAIS (I)

Dereito de reunión e Dereito de manifestación

www.esculca.net - esculca@esculca.net

2012

GUIA BÁSICA DE DEREITOS FUNDAMENTAIS (I)

DEREITO DE REUNIÓN E DEREITO DE MANIFESTACIÓN

Sumario

I - EXERCICIO DOS DEREITOS DE REUNIÓN E MANIFESTACIÓN

II - IDENTIFICACIÓN

III - SANCIÓN

IV - FALTAS

V - DECLARACIÓN NO XULGADO

VI - GARANTIAS LEGAIS: A INSTRUCCIÓN 12/2007 (MINISTERIO DO INTERIOR)

GUIA RÁPIDA



I - O EXERCICIO DOS DEREITOS DE REUNIÓN E MANIFESTACIÓN

O dereito de reunión pacífica e sen armas e o dereito de manifestación están recollidos na Constitución. Para exercermos estes dereitos non é precisa autorización previa. Cando a reunión tiver lugar nun local pechado non é preciso cumprir ningún requisito. Ora ben, caso de estar previsto realizar unha reunión ou manifestación en lugares de tránsito público, deberá ser enviada comunicación á autoridade (Subdelegación do Goberno) facendo constar:

- *Identificación e sinatura das persoas que a convocan.*
- *Percorrido (en caso de manifestación), lugar, data e hora da celebración.*
- *Afluencia e duración previstas.*
- *Medidas de seguranza propias e, sendo o caso, medidas que se solicitan á Administración (corte de determinadas rúas, servizo de orde, etc.).*

A reunión ou manifestación será comunicada cunha antecendencia mínima de 10 días naturais e máxima de 30. Este prazo redúcese a 24 horas no caso de existiren causas extraordinarias e graves.

Trátase unicamente de informar a autoridade, non de pedir autorización.

1. Casos en que unha convocatória pode ser prohibida (ou modificada)

A autoridade pode prohibir ou modificar algúns aspectos da reunión ou manifestación previstas en base a:

- *Razóns fundadas de posibles alteracións da orde pública (manifestacións similares anteriores, por exemplo).*
- *Perigo para as persoas ou bens (o que pode xustificar modificacións no*

itinerario por obras, pola afluencia de persoas prevista, por razóns relacionadas co tránsito rodado, por corte de estradas, etc.

- *Utilización de uniformes paramilitares.*

Todas estas modificacións deben estar xustificadas e poden ser recorridas xunto dos Tribunais, que son os que deciden finalmente se procede ou non limitar o exercicio do dereito. As autoridades non poden prohibir a reunión ou manifestación porque supoña unha alteración do tránsito de vehículos nin, moito menos, polos contidos ideolóxicos que se defenden.

2. Medidas que poden (ou deben) adoptar as autoridades no decurso da manifestación

As autoridades adoptarán as medidas necesarias para protexer a celebración de reunións ou manifestacións e de espectáculos públicos procurando que a seguranza cidadá non sexa perturbada. Non sendo en casos excepcionais, non poderán suspender os espectáculos nin dispor a evacuación dos locais ou o peche provisional dos establecementos públicos. Se decidir levar a cabo medidas de disolución, a policía deberá avisar antes as persoas afectadas.

3. Casos en que os axentes poden limitar o dereito de manifestación

Os axentes das Forzas e Corpos de Seguranza (FCS) poderán limitar ou restrinxir, polo tempo imprescindible, a circulación ou permanencia en vías ou lugares públicos en suposto de sospeita de perigo de alteración da orde, da seguranza cidadá ou da pacífica convivencia. Así mesmo poderán requisar os obxectos que puden ser utilizados para accións ilegais ou violentas.

4. Controis que poden establecer os axentes das FCS

Poden establecer controis nas vías, lugares ou establecementos públicos, na medida indispensábel para a identificación das persoas que transitaran ou xa estiveran neles, e poden proceder á inspección dos vehículos e ao control superficial dos efectos persoais co fin de comprobar que non se portan substancias ou instrumentos prohibidos ou perigosos.

II - IDENTIFICACIÓN

5. Casos en que os axentes das FCS poden pedir que nos identifiquemos

Aínda que a Lei limita esa posibilidade ás situacións en que a identificación é necesaria para o exercicio da protección da seguranza - entre outros garantir a seguranza cidadá- na práctica os axentes poden pedirnos documentación en calquera circunstancia, tan laxa é a interpretación que se fai da lei. Chega con que unha persoa circule polo lugar onde está instalado un control policial para que sexa obxecto dunha momentánea paralización, inmovilización ou retención.

6. Datos que poden pedir os axentes das FCS

Nun control rotineiro os únicos datos que poden pedirnos son os de filiación.

7. Como identificarmos os axentes

A Instrución 13/2007 da Secretaria de Estado de Seguranza impón aos membros uniformados da policía, incluídas as UNIDADES DE INTERVENCIÓN POLICIAL, a obrigación de

portaren sobre as prendas de uniformidade o número de identidade do Carnet Profesional ou Cartón de Identidade Profesional. Deben levalo en lugar ben visíbel e en tamaño que poda ser lido por calquera persoa a distancia de 1,20 mts.

A citada Instrución configura a posibilidade de identificarmos os axentes actuantes nun determinado operativo sen que sexa precisa ningunha actitude positiva de demanda pola nosa parte para o seu exercicio, establecendo un dereito da/o cidadá/n a identificar o axente actuante uniformado, porte ou non a insignia identificativa e aínda que actue sen a uniformidade ("á paisana").

No caso de non o levaren á vista, ben por seren axentes uniformados que incumpren a obriga que impón a Instrución 13/2007, ben por seren axentes que actúan sen portar uniforme, están obrigados a informarnos do número do seu documento profesional se así llelo demandamos pois o exercicio do dereito á súa identificación non está limitado aos casos en que se poida realizar sen actitude positiva de demanda. "No entanto, na práctica rara vez o fan e en determinadas situacións (unha concentración, p. ex.) ten acontecido que a reclamación dese dereito provocou denuncias por parte dos axentes".

Sexa como for, sempre é importante conseguir todos os datos posibles e algúns deses datos han de estar visíbeis: por exemplo, o número de placa, que ten que aparecer no uniforme. É preciso fixar os debuxos da insignia (o número de follas de loureiro) e todos os datos de carácter persoal que poidamos observar.

8. En que casos poden os axentes realizar rexistros corporais

No caso de seren precisos para a protección da orde pública ou estaren dirixidos a averiguar se a persoa oculta elementos dun suposto delito. Os rexistos han de ser externos e superficiais.

Interesa valorar se convén, ou non, preguntar cal é o motivo do rexistro.

9. Que documentos son válidos para a identificación

Calquer medio é válido. A identificación consiste en proporcionar os datos de filiación persoal e non é necesario que se faga mediante a exhibición do documento de identidade ou o pasaporte.

10. Consecuencias da negativa a identificarse

Se unha persoa se nega a ser identificada será conducida á comisaría da policía en condición de retida, isto é: presa temporalmente sen cargos na súa contra. Se se nega á identificación, alén de ser levada á comisaría, poderá ser imputada por unha falta de desobediencia. Se se resiste á identificación poderá ser detida e imputada por un delito de resistencia ou desobediencia.

11. Control de vehículos: dereitos e deberes

En caso de requirimento policial, é obrigatorio mostrar o documento de identidade e a documentación do vehículo. Os axentes non poden dirixir aos ocupantes do vehículo preguntas non relacionadas coa súa filiación ou a documentación do vehículo.

12. Inspección de vehículos

Os axentes poden rexistrar o vehículo. Os ocupantes teñen dereito a estar presentes durante a operación e observar a inspección. Convén contar coa presenza de testemuñas. Como norma, os axentes tentan evitar que os ocupantes exerzan o seu dereito a permanecer diante do vehículo durante a inspección, mais compre insistir, aínda que valorando se convén

(ou non) facelo. No caso de confiscación dalgún obxecto que poda ser considerado perigoso ou identificado como susceptíbel de ser utilizado como arma, é preciso exixir a correspondente acta de aprehensión onde figure ese obxecto.

13. Gardas de seguranza privada

Os vixiantes de seguranza poden efectuar controis de identidade no acceso ao interior dos establecementos que guardan mais non poden obrigar ninguén a identificarse. Moito menos a entregarlle a documentación. Nestes casos, a negativa non ten consecuencias xurídicas.

III - SANCIONES

14. Considérase infracción leve:

- *Incumprir a obrigación de ter expedido o Documento de Identidade. Atención: **a obrigación é ter expedido o documento ou estar en trámite**, non levalo no momento en que se produce a identificación policial.*
- *Negarse a entregar a documentación persoal nos casos en que for acordada a súa retirada ou retención.*
- *Desobedecer os mandados da autoridade ou dos seus axentes. Pode ser considerada delito ou falta (ver apartado II - IDENTIFICACIÓN).*
- *Alterar a seguranza colectiva ou orixinar desordes nas vías, espazos ou establecementos públicos. Isto debe ser demostrado pola autoridade. Non vale calquera acto que os axentes consideren "desorde".*

15. Considérase infracción grave:

- Convocar ou realizar manifestacións sen as comunicar á autoridade competente nos casos en que esa comunicación é necesaria.
- Negarse a permitir o acceso ou obstaculizar o exercicio das inspeccións ou controis regulamentarios en fábricas, locais ou establecementos.
- Estes dous primeiros comportamentos poden ser considerados até moi graves, tendo en conta a entidade do risco producido ou do prexuízo causado. Tamén cando supuxeren atentado contra a salubridade pública, alteraren o funcionamento dos servizos públicos, os transportes colectivos ou a regularidade dos abastecementos, ou se tiveren producido con violencia ou ameaza coactiva.
- Provocar reaccións no público que alteren ou podan alterar a seguraza cidadá.
- Orixinar desordes graves nas vías, espazos ou establecementos públicos ou causar danos graves aos bens de uso público. Se o dano tiver carácter de delito ou falta, a sanción iría pola vía penal.

16. Sancións ou multas gobernativas

A persoa declarada culpábel de cometer algunha destas infraccións pode ser sancionada (multada).

As sancións son multas económicas que se impoñen vía administrativa (Ministerio do Interior, a través das Delegacións e Subdelegacións do Goberno). Poden ser recorridas perante a xurisdición contencioso-administrativa, que costuma ser menos garantista que a xurisdición penal.

17. Contía das multas

- Infraccións leves: até os 300 euros.
- Infraccións graves: de 300 a 30.000 euros (estas son as mais habituais)
- Infraccións moi graves: de 30.000 a 600.000 euros.

IV - FALTAS

As faltas son os comportamentos tipificados no Código Penal que pola súa escasa entidade non constitúen delito. A súa investigación e axuízamento corresponde aos Xulgados de Instrución da localidade onde aconteceron os feitos. Costuman resolverse nun período de tempo mais breve que os delitos, nalgúns casos este período pode ser de días e mesmo de horas.

18. Cando se celebran estes xuízos

Estes xuízos poden celebrarse a calquera hora do día, mesmo pola tarde ou durante as fins de semana.

19. Asistencia letrada nun xuízo de faltas

A intervención de avogado/a non é obrigatoria, aínda que si é aconsellábel.

20. Como se desenvolve un xuízo de faltas

Durante a celebración están presentes:

- A Xuíza ou Xuíz (é quen decide e está situada/o fronte á persoa imputada),
- Secretario ou Secretaria (é quen levanta acta e está normalmente á esquerda do Xuíz/a),
- O/a Fiscal (é quen defende a legalidade e normalmente quen acusa-

está situado/a no estrado á esquerda do/a Xuíz/a),

- *A acusación particular (acusa en nome da persoa prexudicada se a houber e séntase xunto á/o Fisca), e*
- *A avogada ou avogado defensor/a (defende a persoa imputada e séntase no estrado fronte á/o Fiscal, á dereita do/a Xuíz/a).*

O xuízo, que será público, dará comezo coa lectura da denuncia, continuando despois coa toma de declaracións das testemuñas convocadas e o resto de probas (admitidas) propostas por quen presenta a denuncia, Ministerio Fiscal e denunciante; a seguir será escoitada a persoa denunciada e as súas testemuñas e o resto das probas que propoña e lle teñan sido admitidas. Finalmente, as partes, comezando polo Ministerio Fiscal e acabando pola persoa acusada, farán un pequeno informe sobre o resultado da práctica probatória en solicitude da condena ou absolución, respectivamente. (Art. 969 LECrim.)

<i>non sexa en xusta defensa (Art. 620.1 CP)*.</i>	
<i>Ameazas, coaccións, injurias ou vexacións inxustas de carácter leve (Art. 621.2 CP) *</i>	<i>Mesma pena que o anterior.</i>
<i>Causar lesión constitutiva de delito por imprudencia leve (Art. 621.3 CP)*</i>	<i>Multa de 10 a 30 días (require denuncia da persoa prexudicada).</i>
<i>O mesmo mais cometido con vehículos a motor (Art. 621.4 CP)*:</i>	<i>As mesmas penas, máis privación do dereito a conducir entre 3 meses e 1 ano (require denuncia da persoa prexudicada).</i>
<i>O mesmo mais cometido con arma (Art. 621,5 CP)*</i>	<i>As mesmas penas, máis privación do dereito a levar armas entre 3 meses e 1 ano.</i>

**Todas as faltas recollidas no art. 621 CP e nos apartados 1 e 2 do art. 620 requiren denuncia da persoa agraviada.*

21. Faltas e posíbeis sancións

21.1. Faltas contra as persoas

<i>Causar lesión non constitutiva de delito, por calquera medio ou procedemento (Art. 617.1 CP)</i>	<i>Pena de localización permanente de 6 a 12 días ou multa de 1 a 2 meses.</i>
<i>Golpear ou maltratar de obra sen causar lesión (Art. 617.2 CP)</i>	<i>Localización permanente de 2 a 6 días ou multa de 10 a 30 días</i>
<i>Ameazar con armas ou outros instrumentos perigosos, ou sacalos en contenda, como</i>	<i>Multa de 10 a 20 días.</i>

2.2.Faltas contra o patrimonio

<i>Cometer furto, se o valor do furtado non exceder de 400 euros (Art. 623.1. CP).</i>	<i>Localización permanente de 4 a 12 días ou multa de 1 a 2 meses.</i>
<i>Sustraer ou utilizar sen a debida autorización, sen ánimo de apropiación, un vehículo a motor ou ciclomotor alleo, se o valor do vehículo utilizado non exceder de 400 euros</i>	<i>Localización permanente de 4 a 12 días ou multa de 1 a 2 meses.</i>

Causar danos intencionalmente cuxo custo non exceder de 400 euros (Art. 625.1 CP)	Localización permanente de 2 a 12 días ou multa de 10 a 20 días.
Pintadas en mobiliario urbano ou edificios (Art. 626 CP)	Localización permanente de 2 a 6 días ou de 3 a 9 días de traballo en beneficio da comunidade

**nos casos de perpetración reiterada (atenderase ao número de infraccións cometidas, tivesen sido ou non xulgadas, e á proximidade temporal das mesmas) de falta de furto, imponrase en todo caso a pena de localización permanente. Neste caso, o xuíz poderá dispor na sentenza que a localización permanente sexa cumprida en sábados, domingos e días feriados no centro penitenciario mais próximo ao domicilio do penado Art. 37.1CP.*

21.3. Faltas contra a orde publica

Perturbar levemente a orde na audiencia dun Xulgado, acto público, espectáculo deportivo ou cultural, solemnidade ou reunión numerosa (Art. 633 CP)	Localización permanente de 2 a 12 días e multa de 10 a 30 días.
Faltar ao respecto e á consideración debida á autoridade ou aos seus axentes ou desobedecelos levemente ao exerceren as súas funcións (Art. 634 CP)	Multa de 10 a 60 días

22. Pode unha persoa ser detida por cometer unha falta?

Non, a non ser que esa persoa non teña domicilio coñecido ou non pague a fianza (se é que o/a Xuíz/a impuxo fianza).

23. Pode unha persoa detida por delito ser acusada posteriormente de cometer unha falta?

Pode, como resultado da investigación. E para determinar o prazo de prescrición terase en conta a cualificación definitiva dos feitos como delito ou como falta (Acordo do Pleno non Xurisdiccional do Tribunal Supremo de 26 de outubro de 2010 que modifica a posición xurisprudencial tradicional).

V - RETENCIÓN E DETENCIÓN

24. Retención policial

A simple retención policial non é constitucional. Só é legal o traslado a unha dependencia policial polo tempo imprescindible para a identificación ou a realización dunha proba, por exemplo de alcoolemia, que non foi posíbel realizar na vía pública. Neste caso, a persoa acode libre e voluntariamente, nunca en calidade de presa.

25. Retención para identificación

A identificación mediante o traslado a dependencias policiais supón unha restrición do dereito de liberdade ambulatoria que só pode ser practicada naqueles supostos en que a identificación non poda ser realizada por outros medios e resulte necesaria para o

exercicio das funcións de protección da seguranza encomendada aos axentes.

Convén lembrar que, en principio, pode considerarse adecuada a identificación conseguida mediante documentos oficiais distintos do billete de identidade.

A dependencia policial será a máis próxima que conte con posibilidades e medios para realizar a dilixencia de identificación, debendo ser realizada a mesma de maneira inmediata e sen dilación algunha e, por tanto, non a prolongando por ningún concepto alén do tempo imprescindible para ese fin.

A persoa retida será informada en todos os casos das razóns do requerimento e da súa xustificación legal, así como do seu dereito a non informar doutros datos distintos aos necesarios para a súa identificación.

26. Detención preventiva

É unha medida cautelar que se toma mentres o xuíz decide a posta en liberdade ou o ingreso en prisión da persoa detida. O tempo de duración debe ser o mínimo posíbel. A Constitución establece un período máximo de 72 horas, mais a policía está obrigada a pór a persoa detida a disposición xudicial logo de remataren as súas averiguacións sobre ela. A posta a disposición xudicial debe ser realizada no lugar máis próximo a aquel onde se produciu a detención. En caso de acusación de pertenza a banda armada os prazos ampliáanse até 48 horas máis (120 horas en total) e a posta a disposición do xuíz realízase nos Xulgados Centrais de Instrución da Audiencia Nacional (Madrid).

27. No primeiro momento da detención

É recomendábel pór en coñecemento dun/ha avogado/a, logo que posíbel, os feitos

acontecidos e todos os datos que se teñan do procedemento (número do Xulgado, número dos autos -ou sexa, o expediente-, partes que interviron, probas que se practicaron, etc.)

28. Declaración perante a Policía ou a Garda Civil

Durante a detención a persoa permanece nas dependencias policiais onde é sometida a un interrogatorio. No interrogatorio poden estar presentes dous policías e o/a avogado/a defensor/a. A persoa detida debe recibir en todo o momento alimentación suficiente e, sendo o caso, a medicación que for necesaria. Os obxectos que leva no momento da detención serán introducidos nun saco precintado e devoltos posteriormente. Tamén lle serán tomadas fotografías e as impresións dixitais.

Durante a detención e antes do interrogatorio, a persoa detida ten dereito a:

- *Ser informada de maneira comprensíbel das razóns da detención e dos seus dereitos.*
- *Gardar silencio, non responder ás preguntas, declarar unicamente perante un/ha xuíz/a, non declarar contra si mesma e non se confesar culpábel.*
- *Nomear avogado/a e pedir que asista ás dilixencias policiais e xudiciais. Se non se nomea, será designado de oficio. Non se pode renunciar a este dereito e non cabe, en ningún caso, interrogatorio sen a presenza de avogado/a, por iso é preciso negarse a facer calquera tipo de declaración ou comentario sen a súa presenza. De resto, a asistencia letrada é necesaria e, na práctica, o feito de facilitar o nome e o número de teléfono dun/ha avogado/a é unha maneira de dar a coñecer a detención.*
- *Entrevistarse en privado con a/o avogada/o, mais sempre despois de*

prestar declaración (ou, sendo o caso, de se ter negado a prestar declaración).

- *Esixir que avisen (non a avisar ela) algún familiar ou outra persoa dos feitos que se lle imputan e do lugar da detención.*
- *Ser asistida por un/ha intérprete no caso de non comprender o idioma ou ser xorda.*
- *Ser recoñecida por un/a médico/a forense en cada momento que o solicite ao longo do período de detención.*
- *Ler a declaración e non asinala se non estiver conforme co texto.*
- *Identificar os axentes que a detiveron.*

VI - DECLARACIÓN NO XULGADO

Unha vez concluído o interrogatorio nas dependencias policiais, a persoa detida é conducida por axentes da Policía ou a Garda Civil ao xulgado para ser oída polo/a xuíz/a e informada dos seus dereitos e do procedemento para que sexa posíbel unha defensa eficaz. O interrogatorio costuma ter lugar no Xulgado de Garda.

Na declaración diante do/a xuíz/a, a persoa detida ten dereito a:

- *Gardar silencio, non declarar se non quere, non contestar a algunha das preguntas que lle foren formuladas.*
- *Non declarar contra si mesma e non se confesar culpábel.*
- *Ser informada, de maneira que poda comprender, da existencia do procedemento e dos feitos que lle son atribuídos.*

- *Que o/a avogado/a que exerce a súa defensa coñeza as dilixencias xa practicadas.*
- *Que as preguntas lle sexan formuladas de maneira directa, sen ameazas nin coaccións.*
- *Descansar, se o interrogatorio se prolongar durante moito tempo. Na declaración ha de constar o tempo que durou o interrogatorio.*
- *Declarar tantas veces quixer.*
- *Avisar a familia da detención.*
- *Ser asistida por un/a médico/a forense.*

Convén ter en conta que a confesión non libera as forzas policiais da obrigaón de realizaren todas as investigacións precisas para comprobar a veracidade do declarado e a existencia dun delito.

29. O procedemento de Habeas Corpus

É un dereito constitucional e significa que toda persoa detida ilegalmente ten dereito a ser levada perante un/ha xuíz/a.

30. Quen pode solicitalo?

A propia persoa detida, o seu home ou a súa muller, irmás e irmaos, pais e nais, fillas e fillos, o Ministerio Fiscal e o Valedor do Pobo, o/a avogado/a que asista a persoa detida nas dilixencias, segundo sentenzas do Tribunal Constitucional nº 224/98 ou 61/03.

31. Como se solicita?

Pode ser solicitado oralmente ou por escrito, indicando sempre

- *os datos de quen o solicita,*
- *os datos da persoa detida,*
- *o lugar onde se produciu a detención,*

- *a autoridade responsábel da custódia e o motivo polo cal se solicita.*

O/a xuíz/a está obrigado/a a escoitar en todos os casos a persoa presa e a/o avogada/o, o/a Fiscal e a Autoridade responsábel da detención, e a practicar, en 24 horas, as probas que lle foren propostas.

Tamén debe responder á solicitude en forma de auto motivado en que se indicará se acorda a continuación da detención, a modificación das condicións, a posta a disposición xudicial ou a liberdade.

VII - GARANTÍAS LEGAIS: A INSTRUCCIÓN 12/2007 DO MINISTERIO DO INTERIOR

A Instrución 12/2007, da Secretaria de Estado de Seguranza do Ministerio do Interior establece unha serie de garantías en caso de detención, mais esta instrución só é aplicábel nas detencións practicadas pola PN ou a GC.

No caso destes dous corpos o seu cumprimento é exixíbel . Entre as obrigacións que se lles impón, interesa salientar:

- *A identificación previa: os membros destes dous corpos deberán identificarse no momento de practicar a detención.*
- *Duración ampliada: o prolongamento do período de detención preventiva das persoas acusadas de pertenza a banda armada, que poderá chegar ás 120 horas, deberá ser solicitada motivadamente dentro das primeiras 48 horas a partir da detención e o/a xuíz/o deberá autorizala dentro das 24 horas seguintes.*

- *Prohibición de declaracións forzadas: o ordenamento xurídico español prohibe terminantemente o uso de calquera exceso físico ou psíquico para obter unha declaración da persoa detida, de maneira que o emprego de tales medios constitúe infracción penal ou disciplinar, e como tal deberá ser perseguida.*

32. Condicións especiais para menores

As persoas menores de idade deberán ser trasladadas sempre separadas das maiores de idade. A súa custodia hai de realizarse en dependencias adecuadas e separadas do resto das persoas detidas.

A detención de persoas menores de idade debe ser comunicada de forma inmediata ao Ministerio Fiscal e aos proxenitores, tutores ou guardadores ou, no caso de menores sob tutela da Administración, á entidade pública encargada da protección.

A declaración será levada a cabo en presenza da/o letrada/o e proxenitores, tutores ou guardadores. No caso de ausencia destes últimos, a declaración será levada a cabo en presenza do Ministerio Fiscal.

33. Que forza poden utilizar legalmente os axentes na detención

Está terminantemente prohibida a utilización, durante a detención ou en calquera outro servizo policial, de armas non incluídas nos equipamentos oficiais das Forzas e Corpos de Seguranza do Estado ou cuxa utilización non for autorizada expresamente.

En todos os casos, sexa cal for, ou tiver sido, o comportamento da persoa detida, non se xustifica ningún tipo de violencia despois de ter sido inmovilizada.

No caso de detención de persoas gravemente afectadas pola inxesta de alcol, substancias estupefacientes ou afectadas por algún tipo de trastorno mental, mesmo no caso de o trastorno ser transitório, procederase o seu traslado a un centro sanitario coa maior urxencia posíbel.

34. Inspeccións persoais respectuosas coa intimidade

A fin de protexer a dignidade da persoa detida, cando os funcionarios policiais se viren obrigados a realizar rexistros corporais na vía pública, deberán procurar o lugar idóneo e o máis discreto posíbel.

As inspeccións serán levadas a cabo, salvo urxencia, por persoal do mesmo sexo que a persoa examinada. O criterio a seguir sempre neste tipo de operación é o do máximo respecto á identidade sexual da persoa inspeccionada, o que deberá ser tido en conta moi especialmente no caso de persoas transexuais.

35. Normas sobre o uso de grilletes

O feito de alxemar unha persoa detida é considerado unha medida de seguranza que pode ser adoptada nos supostos previstos no art. 525 da Lei de Ajuizamento Criminal, salvo orde contraria da Autoridade Xudicial. Non obstante, o axente que practique a detención ou condución poderá valorar, en atención a factores como as características do delito ou a actitude da persoa detida, se convén ou non aplicala para aumentar a discreción e non prexudicar a reputación desta.

Utilizaranse prioritariamente sistemas regulamentarios de suxección de pulsos, en calquera das súas modalidades, se ben en circunstancias excepcionais de urxencia ou polo tipo de servizo de que se trate, e sempre de maneira transitoria, permitirase utilizar grilletas de

plástico, lazos de seguranza ou dispositivos similares, cuxo uso fose autorizado expresamente.

Deberán ser tidas en conta as circunstancias excepcionais que aconsellen rebaixar ou modular esta medida, como no caso de mulleres en avanzado estado de xestación ou de persoas con algunha malformación ou impedimento físico.

Para preservar a intimidade da persoa detida, evitarase prolongar innecesariamente a súa exposición ao público alén do tempo imprescindible.

36. Traslados

Os vehículos empregados para o traslado das persoas detidas deberán reunir as condicións de seguranza e habitabilidade regulamentariamente establecidas. En cada traslado deberán ser comprobados e garantidos a hixiene e o estado técnico do vehículo.

37. Condicións dos calabouzos

Deberá porse especial coidado en garantir que a persoa detida poda realizar as súas necesidades fisiolóxicas coa suficiente intimidade e hixiene durante o tempo que dure a súa estadía nos calabouzos.


As persoas detidas teñen dereito a condicións de hixiene adecuadas todo o tempo que dure a súa estadía nas instalacións policiais, así como a alimentación de boa calidade e suficiente cantidade.

Deberán ser respectadas as particularidades daquelas persoas que, por padeceren algunha doenza ou por motivacións relixiosas ou outras, non podan ou queiran inxerir algun tipo de alimentos. Isto non obstante, a persoa detida poderá procurarse ás súas expensas algún

alimento adicional, que será convenientemente revisado.

Cando a persoa detida deba pernoctar en

dependéncias policiais, hai de proporcionarselle colchón, manta e outros elementos necesarios, cuidando que o material sexa de natureza ignífuga e estexa en condicións idóneas de uso.



GUÍA RÁPIDA

38. Identificación

A identificación é obrigatoria a requerimento dun axente da forzas e corpos de seguranza do Estado.

En caso contrario, a persoa concernida poderá ser levada a comisaría a meros efectos de identificación. Despois terá que ser posta en liberdade. A identificación pode realizarse con calquer documento. Un documento de identidade caducado pode ser causa de multa mais nunca de detención.

39. Dereitos da persoa detida.

- Non ten obrigaón de declarar diante da PN ou a GC.
- Ten dereito a que a súa detención sexa comunicada a quen ela indique.
- Ten dereito a elixir avogado/a para se faga cargo da súa defensa e a que os funcionarios se poñan en contacto con el/a para llo comunicar.
- Pode esixir en calquer momento revisión médica forense para asegurar que non se produzan malos tratos.
- Unha vez terminadas as dilixencias policiais (cando a policía lle toma declaración) será levada perante o xuíz. Se é trasladada novamente ao calabouzo pode esixir un habeas corpus e terá que ser posta de inmediato perante o/a xuíz/a. En

- caso contrario os funcionarios cometerán delito.
- No xulgado, antes de declarar diante do/a xuíz/a, ten dereito a entrevistarse co avogado e a ser aconsellada por el/a.

40. Diante dun axente policial

- Os axentes dos corpos dependentes do estado teñen a obrigaón de levar o seu número de identificación á vista.
- Os axentes dos corpos dependentes do estado teñen tamén a obrigaón de identificarse mediante o seu número de documento profesional a requerimento de calquera persoa obxecto dunha intervención policial.
- Se o axente se nega a identificarse, é conveniente non insistir para evitar contra-denuncias e tomar nota de todos os datos posibles (p.ex. matrícula do vehículo) que permitan a identificación posterior.
- É conveniente tamén procurar testemuñas que dean fé da negativa do axente a ser identificado.
- Insultos e agresións a axentes das corpos policía pode ser motivo de acusación de atentado.

41. Multas

O que ás veces se chama multa é frecuentemente apenas unha denuncia que fai o axente de policía. A denuncia dá lugar posteriormente a abertura dun expediente para determinar se procede ou non impor unha multa. En todo este proceso, a persoa cuxa actuación foi obxecto de denuncia pode participar mediante alegacións feitas por ela mesma ou pola/o avogada/o que a representa.

Convén aceptar calquera notificación que entregue a policía porque pode servir para preparar o recurso.

42. En caso de agresión policial

- É necesario ir a un centro sanitario para recibir atención profesional e solicitar o correspondente parte médico das lesións provocadas na agresión. A persoa agredida non debe en ningún no caso tentar curarse a si mesma, nen disimular as marcas da

agresión até recibir o parte médico que servirá, no caso, como proba no xuízo posterior.

- Compre recoller todos os datos (nome, núm. de tfn., etc.) de todas as persoas que presenciasen a agresión. Poderán, chegado o caso, actuar como testemuñas.
- Convén facer todas as denuncias por agresión policial no Xulgado de Garda, non nunha comisario.
- En todos os casos é mellor consultar antes cun/ha avogado/a.

